

27 DE OCTUBRO DÍA DO TDAH EN ESPAÑA

Este ano o lema da nosa campaña é: **#TDAHparatodalavida...** que nos transmite? Para moitas persoas nada ou pouco, pero para as persoas con TDAH ou que conviven cunha persoa con TDAH xa é outro tema, de primeiras emocións atopadas:

Por unha banda, **tenrura, alegría, admiración...**, que maravillosas son as persoas con TDAH!: todo corazón, xenerosas, imaxinativas, fortes, entusiastas... é xenial ter preto persoas con TDAH!

Por outra banda, e a que nos fai estar hoxe aquí reivindicando os nosos dereitos: **preocupación, medo, inseguridade... por que?**

Non se nos ten que esquecer que o TDAH afecta a máis do 5% da poboación infantojuvenil e a un 2/3% das persoas adultas. Non se nos ten que esquecer que é un trastorno neurobiolóxico e cun mapa xenético identificado.

As persoas con TDAH viven desde a súa nenez nunha contorna hostil que percibe o TDAH como algo “pouco grave” e case “insignificante” que “xa se pasará”. Pois NON, non se pasa e é o suficientemente grave como para multiplicar os riscos na adolescencia e na idade adulta de: accidentes, consumos, outros trastornos psiquiátricos, actos delituosos, inestabilidade laboral...

Onde xorde a nosa indignación e enfado? En saber que se pode evitar, SI se pode evitar cun diagnóstico temperán e unha intervención personalizada e multidisciplinar e ao longo da vida...porque non esquezamos o **#TDAHparatodalavida**.

Algo tan sinxelo e ao que temos dereito, pero que se nos **NEGA**, si, esa é a palabra. **Négase** a existencia, **négase** a gravidade, **négase** a formación dos profesionais da sanidade e da educación, **négase** unha lexislación que ampare ás persoas con TDAH, **négase** as axudas que poderían facilitar a moitas familias os apoios psicopedagóxicos, **négase** a cronicidade do TDAH.

Seguiremos aquí ata conseguir que TODAS as persoas con TDAH teñan os mesmos apoios e garantías sanitarias, educativas, laborais e sociais para chegar a desenvolver todo o seu potencial. Esta sociedade non se pode permitir perder a persoas que son todo corazón, xenerosas, imaxinativas, fortes, entusiastas por falta da acción institucional.

Para toda a vida